Yolanda Díaz Gallego e Xulio do Canelo, galardoados como Mestra e Mestre da Memoria 2026

A cerimonia de entrega dos galardóns reivindicou o valor do patrimonio popular e reafirmou o compromiso coa memoria viva do pobo.

Redacción

24 de outubro de 2026

https://www.nosdiario.gal/cultura/yolanda-diaz-gallego-xulio-do-canelo-son-mestra-mestre-da-memoria-2026/20261024163751270154.html

O Pazo de San Marcos acolleu esta sexta feira a XI Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, organizada pola **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A AELG distinguiu como Mestra e Mestre da Memoria á sarriá **Yolanda Díaz Gallego** e ao mindoniense **Xulio Rodríguez**. Díaz foi recoñecida polo seu activismo galeguista en Uruguai, a onde emigrou nos anos 50, colaborando con diferentes iniciativas culturais como a publicación da *Historia de Galicia* de **Otero Pedraio**, a fundación do Teatro Popular Galego de Montevideo ou o Patronato da Cultura Galega. Ademais, presidiu durante 26 anos a Asociación O Penedo, dirixiu o grupo teatral Zarabanda e participou en programas radiofónicos de Radio Miramar e da Radio Galega.

Pola súa parte, 'Xulio do Canelo', labrego, activista político, sindical e pola recuperación da memoria histórica, cunquierófilo; tamén é un destacado informante da AELG que permitiu recuperar un inxente patrimonio oral da comarca de Mondoñedo. Ademais, canda a **Pepe de Bastián**, creou unha ruta temática sobre o poema *Un galo* de **Manuel Leiras Pulpeiro**. O seu traballo permitiu, ademais, desenvolver importantes investigacións sobre tradición oral a tradición oral.

O Grupo de Traballo composto por Ana Acuña, Félix Castro Vicente, Carme Pernas Bermúdez, Calros Solla, Xurxo Souto, **Cesáreo Sánchez Iglesias**, Xosé Manuel Varela, Lois Pérez e **Antonio Reigosa** propuxo a súa distinción recoñecendo a súa contribución a manter viva unha parte fundamental da nosa memoria colectiva e o saber popular.

A cerimonia de entrega de galardóns estivo amenizada pola música de Secho, reivindicou o valor do patrimonio popular e reafirmou o compromiso coa memoria viva do pobo.